


ONDE ESTAMOS · QUE FAREMOS

EN:

SAÚDE LABORAL



En CCOO, como sindicato maioritario, velamos para que o traballo en BBVA non dañe a saúde das súas traballadoras e traballadores, esixindo o cumprimento da lei en materia preventiva e promovendo melloras nas condicións de seguridade e saúde laboral.



en que estamos a traballar

✓ Riscos Psicosociais

Avaliación. Realizamos un traballo de campo coa axuda do Gabinete de Saúde Laboral de CCOO, para constatar as carencias do cuestionario utilizado polo BBVA na avaliación dos riscos psicosociais. A Inspección de Traballo avalou a nosa proposta.

Formación.- Pedimos incluír no catálogo de cursos de BBVA, un plan formativo presencial en materia psicosocial e os efectos do estrés laboral prolongado.

✓ Oficinas Blue Branch

Obras.- O banco non puxo límite aos contratistas nas grandes obras de adaptación, afectando negativamente á saúde do persoal. Tivemos que recorrer á Inspección de Traballo para que acoutase estas malas prácticas.

Ergonomía.- Denunciamos as numerosas deficiencias ergonómicas do mobiliario, escasa calidade dos materiais e a falta de control na montaxe. Consequimos que dende o Servizo de Prevención de Riscos Laborais se rectificasen algúns parámetros.

✓ Protocolos

Persoal Sensible.- (Gestantes, enfermidades inmunodeficientes e diversas patoloxías segundo grao) Propuxemos unha **ampliación do protocolo de persoal sensible, no que se recolle a confirmación ao afectado/a** da súa inclusión no mesmo, así como o detalle das recomendacións que o Área Médica establece.

Ameazas externas.- Refírese á violencia exercida por un cliente, creando desamparo á persoa que o sofre. **Logramos que o banco fixese un protocolo** informando do procedemento para seguir; **aínda que seguimos demandando un maior contido que especifique as áreas involucradas** (CBCs, SPRL-Área Médica, SSJJ).

Ocupación caixeiros por indixentes.- Demandamos un protocolo de actuación ante estes casos, para evitar que o persoal de BBVA tivese que improvisar en situacións como: enfrontamento, recollida e limpeza de restos orgánicos, xeringas... E conseguimos a **publicación no portal de saúde laboral dunhas instrucións básicas de actuación**, que resolven gran número de incidencias.

en que traballaremos

✓ Elementos ergonómicos especiais

Asesorar e tramitar as peticións daquelas persoas que por sufrir algunha patoloxía, necesitan un elemento de características especiais (cadeiras, pantallas...)

✓ Persoal Sensible (art. 25 Lei de prevención de riscos laborais)

Velar para que, naqueles casos que sexa necesario, **se active o protocolo** de persoal sensible e se articulen as recomendacións médicas específicas que estas persoas requiren para o bo desenvolvemento das súas funcións.

✓ Protocolo de Saúde Laboral para Teletraballo

Propor un regulamento específico, que determine as condicións mínimas que protexan a saúde do persoal que desenvolve a súa actividade fóra dos centros de traballo de BBVA.

✓ Oficinas Blue Branch -obras-

Dado o incremento de número de oficinas Blue Branch, **traballaremos a nivel estatal para evitar que se volvan a repetir situacións de riscos para a saúde.**

✓ Avaliación de Riscos Laborais

Que inclúa calquera dos riscos que se dan na nosa actividade, **poñendo especial énfase na detección e prevención dos riscos psicosociais, aplicando un método adecuado, fiable e completo.**

Apoiarémonos na **Inspección de Traballo e na coordinación coas Seccións Sindicais de CCOO das grandes entidades do Sector.**

✓ Comité Estatal de Seguridade e Saúde

Para conseguir un **Comité Estatal de Seguridade e Saúde máis áxil, efectivo, eficaz e participativo** na determinación de situacións e a súa resolución.



#ÉOMomento

VOTA